



Guía rápida de consulta do Recadro da declaración da Renda do ano anterior

1. ACCESO DENDE A OFICINA VIRTUAL

O acceso a aplicación pódese realizar dende a Oficina Virtual do Empregado Público (OVEP) no seguinte enderezo:

www.conselleriadefacenda.es/ovempregado

Onde se amosará a seguinte páxina de entrada:

The screenshot shows the website interface for the OVEP. At the top, there is a navigation bar with the Xunta de Galicia logo and the text 'CONSELLERÍA DE FACENDA'. Below this, there are several menu items: 'A Consellería', 'Servizos e Trámites', 'Colectivos', 'Áreas Temáticas', and 'Sala de Prensa'. A search bar is also present. The main content area is titled 'Presentación da Oficina Virtual do Empregado Público' and contains the following text: 'A Oficina Virtual está ao seu servizo ata as 23:00 horas. Volverá abrir tan pronto rematen as tarefas de mantemento, antes das 02:00 horas. Pode acceder dos seguintes modos:'. Below this, there is a list of access methods: 'Servizos sen Certificado', 'Servizos de Empregados Públicos Rexistrados', 'Servizos con Certificado', 'Servizos de Usuarios Autorizados', and 'Servizos de Usuarios Autorizados'. There is also a section for 'Documentos asociados' with links to 'Guía rápida de rexistro na Oficina Virtual do Empregado Público' and 'Guía rápida de consulta do recadro do IRPF do ano anterior'. On the right side, there are three vertical panels: 'Oficina Virtual TRIBUTARIA', 'Oficina Virtual PERCEPTORES', and 'SICON CONTRATACION PÚBLICA da Comunidade Autónoma de Galicia'. The footer contains the Xunta de Galicia logo, copyright information, and the 'g Galicia' logo.

Figura 1a. Pantalla de acceso a OVEP

Poderase elixir acceder a Oficina Virtual do Empregado Público a través de dous métodos:

- Con certificado dixital:
 - Certificado de Empregado Público
 - Certificado da FNMT
 - DNI electrónico
 - Outros certificados admitidos
- Como usuario rexistrado (con seu NIF e contrasinal), aparecerá a pantalla de acceso seguinte:

Figura 1b. Acceso para usuarios registrados

Os empregados públicos que non estean rexistrados na Oficina Virtual do Empleado Público poderán rexistrarse seguindo a “Guía de Acceso”¹.

Unha vez autenticado o usuario aparecerá, como pode verse na *figura 1c*, a pantalla coas distintas opcións que pode elixir o usuario.

No menú lateral, dentro de “Xestión de Persoal” existe unha ligazón “Renda ano anterior. Obter recadro”, marcada en cor vermello, que accede directamente á aplicación.

¹ http://www.conselleriadefacenda.es/documents/10433/74990/guia_rapida_ov_empleado.pdf




Figura 1c. Páxina da Oficina Virtual do Empregado Público

1.1. OPERACIÓNS NA APLICACIÓN

Unha vez que se accede á aplicación de consulta visualizarase unha pantalla como a que se amosa na seguinte imaxe (*figura 2*).

The screenshot shows a web interface for consulting IRPF returns. At the top, there are logos for Xunta de Galicia, the European Union, and 'OFICINA VIRTUAL (Empregado público)'. The main header is 'Consulta do recadro do IRPF'. Below this, there is a 'Paso: 1' indicator and a search field for 'N.I.F. Certificado' containing '00011111H'. A button 'Enviar' is visible. The main content area is titled 'Consulta telemática do recadro do IRPF' and contains the following text: 'Consulta do recadro do IRPF correspondente ao exercicio fiscal 2016', 'A consulta do recadro poderase facer a partir do 01/01/2017 ata o 30/06/2017', and 'Vaise solicitar o recadro da declaración do NIF 00011111H correspondente a NOME APELIDO1 APELIDO2'. At the bottom of this section is another 'Enviar' button.

Figura 2. Páxina de consulta do recadro

!!!Advertencia!!!

Pode que se abra esta **pantalla nunha nova fiestra ou pestana**, dependendo da configuración e do seu navegador. Se non ve esta información **comprobe non estea detrás** da primeira fiestra minimizando todas aquelas fiestas abertas.

Nesta pantalla facilítase a seguinte información:

1. O NIF do usuario da aplicación, que é o que se emprega para facer a consulta do recadro.
2. O exercicio fiscal.
3. O prazo durante o cal pódese facer a consulta.
4. Nome, apelidos e NIF do solicitante
5. Unha pequena axuda, premendo nas interrogacións.

A consulta do recadro da Renda do ano pasado faise simplemente premendo o botón **enviar**, e poderase realizar cantas veces sexa necesario.

Os posibles resultados da petición de consulta detállase nos seguintes subapartados.

1.1.1. Resposta OK (*un arquivo*)

No caso de que non haxa erros durante a operación, a AEAT devolve un só arquivo co recadro 440 da Renda do ano pasado.

Neste caso, a aplicación abre directamente unha xanela co arquivo PDF devolto pola AEAT.

Unha vez aberto, poderase gardar no equipo, dende o que se fai a consulta utilizando a opción do Acrobat Reader para gardar.

1.1.2. Respostas de erro e mensaxes

No caso de que o usuario non teña unha nómina entre Xaneiro e Decembro do ano anterior, ao entrar na Oficina virtual e premer na opción "Renda ano anterior. Obter recadro" o usuario verá a seguinte mensaxe de advertencia "Vostede non pode solicitar o recadro".

No caso de que o servizo da AEAT retorne algún erro indicárase mediante unha mensaxe de alerta.



Figura 3. Mensaxe de resposta da AEAT

As mensaxes de erro da AEAT son:

- Mensaxe de erro devolto pola Axencia Tributaria:
 - *Resposta AEAT: **Contribuínte non pertence ao colectivo.*** Erro devolto polo servizo da Axencia Tributaria. Prodúcese cando o empregado non pertence a algunha das entidades da Comunidade Autónoma incluídas no acordo firmado entre a Consellería de Facenda e a AEAT para a descarga do borrador a través deste procedemento. Esta é a mensaxe de resposta da AEAT que non considera para os efectos deste servizo ao contribuínte como empregado do *Organismo*. Se considera como empregado do Organismo para estes efectos, aquelas persoas que no anterior ano percibiron rendementos do traballo por parte do Organismo.
 - *Se non está de acordo coa resposta proporcionada polo servizo, póñase en contacto co Centro de Atención Telefónica de la AEAT: **901 200 345.***

- **Resposta AEAT: O recadro non está dispoñible.** Mensaxe de resposta indicando que a casiña da renda do ano anterior aínda non están dispoñibles na Axencia Tributaria.
 - *Solución: Solicíteo de novo máis adiante.*

- **Resposta AEAT: Non se puido identificar ao contribuínte.** Mensaxe de resposta debida a que o contribuínte non puido ser identificado a partir dos datos incluídos na petición da AEAT.
 - *Isto pode ser entre outros casos, porque o contribuínte resida nunha das Comunidades Autónomas con réxime fiscal distinto, por ser unha das persoas que dispón dun número de DNI duplicado, etc... Se non está de acordo coa resposta proporcionada polo servizo, póñase en contacto co Centro de Atención Telefónica da AEAT: 901 200 345.*

- **Resposta AEAT: O servizo da Axencia Tributaria non está dispoñible neste intre.** Mensaxe de resposta indicando que tivo lugar un erro interno durante o procesamento da petición pola parte do servidor da Axencia Tributaria.
 - *Solución: Solicíteo de novo máis adiante.*

Nota importante:

Debido a que todas as mensaxes anteriores son **enviadas directamente dende os servidores da Axencia Tributaria**, puideran non coincidir exactamente nin no seu contido nin no motivo reflectido anteriormente, senón por outras particularidades específicas do seu borrador ou datos fiscais.

Para outra información diríxase a www.aeat.es

- Mensaxes de erro devoltos pola aplicación:
 - **O prazo para a consulta comeza o dd/mm/yyyy e remata o dd/mm/yyyy.** Indica que a consulta estase a facer fora do prazo.
 - **O servizo da Axencia Tributaria non está dispoñible neste intre.** O sistema non pode establecela conexión co servizo da Axencia Tributaria.
 - **Produciuse un erro nunha operación na Base de Datos.** Erro de conexión coa base de datos.
 - **Produciuse un erro no sistema.** Erro xeral do sistema.

2. AXUDA

Por último, indicar que se poderá acceder á axuda da aplicación premendo sobre calquera das interrogacións da páxina principal.

The screenshot shows a web interface for consulting IRPF returns. At the top, there is a header 'Consulta' and 'Consulta do recadro do IRPF' with a question mark icon. Below this, a 'Paso: 1' indicator is shown. The main content area is titled 'Consulta telemática do recadro do IRPF' and contains the following text: 'Consulta do recadro do IRPF correspondente ao exercicio fiscal 2016', 'A consulta do recadro poderase facer a partir do 01/01/2017 ata o 30/06/2017', and 'Vaise solicitar o recadro da declaración do NIF 00011111H correspondente a NOME APELIDO1 APELIDO2'. At the bottom, there is a button labeled 'Enviar' and the text 'Prema enviar para facer a consulta do seu recadro'.

Figura 4. Acceso á páxina de axuda

Na seguinte imaxe amósase a pantalla principal da axuda da aplicación.

The screenshot shows the main help page of the application. It features a sidebar on the left with the heading 'Seleccione un elemento da lista' and a list item 'Consulta' with a sub-item 'Consulta telemática do borrador do IRPF'. The main content area is titled 'Axuda' and contains a preview of the IRPF return consultation page, including the 'Paso: 1' indicator and the 'Enviar' button. On the right side, there is a vertical yellow bar with a 'Volver' button and the CIXTEC logo at the bottom. At the bottom of the page, there is a legal notice: 'AVISO LEGAL IMPORTANTE: Os textos que se amosan na pantalla débense entender como de apoio á Aplicación de Personal por Internet e non teñen validez xurídica. A Consellería de Facenda non se fai responsable do seu contido. Para fins xurídicos pode consultar os textos publicados en Boletíns e Diarios Oficiais.'

Figura 5. Pantalla principal da axuda da aplicación.

Esta pantalla consiste nunha captura da páxina principal e un texto que indica, a modo de resumo, o obxecto desta aplicación.

Á esquerda da pantalla sitúase unha lista de opcións que da paso á segunda pantalla de axuda, premendo sobre "Consulta telemática do recadro do IRPF". Esta pantalla pode verse na *Figura 6*.



Figura 6. Axuda á Consulta Telemática do borrador do IRPF

Nesta pantalla de axuda indicase que o procedemento de consulta consiste simplemente en premer sobre o botón de "Enviar" dentro do prazo indicado.